



iFórmate coa REDE CeMIT!

Programa de formación multimedia e audiovisual 2011

Creación de webs para dispositivos móviles *Actividades gratuitas*



Onde poderás realizar a actividade?

Tes unha aula CeMIT no teu concello. Descúbrea en:

 <http://cemit.xunta.es>

Para a celebración da actividade, cada aula CeMIT deberá contar cun mínimo de **cinco persoas**. De non ser así, os interesados poderán asistir á actividade que teña lugar na aula CeMIT máis próxima.

Quédanche dúbidas? Consúltanos!

Enderezo: r/ Hórreo 61, 2º andar. CP: 15701. Santiago de Compostela


Telf: 902 222 321

Correo: formacion-cemit@xunta.es

Web-site: <http://cemit.xunta.es>

Queres máis?

Síguenos en:





| web
móbil |



A Rede CeMIT configúrase como un importante vehículo para a posta en práctica de iniciativas orientadas a impulsar as TIC e a Sociedade da Información en Galicia no marco da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal. Deste xeito, CeMIT coordina as actuacións e actividades formativas nos 94 concellos nos que ten presenza a rede, é dicir, preto de 3.000 horas de formación para achegar as novas tecnoloxías a toda a sociedade galega.

Creación de webs para dispositivos móbiles

(8 horas presenciais + 22 horas de traballo on-line)

Inscripcións: ata o 10 de outubro de 2011

Comezo da actividade : 24 de outubro de 2011

Nos últimos anos é cada vez maior o número de xente que se conecta a Internet a través do móbil e o mellor é que esta cifra está a crecer día a día. A través desta actividade aprenderás a diferenciar o deseño web estándar fronte ao deseño web de dispositivos móbiles para poder chegar a converterte en todo un deseñador de webs para móbiles.

Que aprenderás?

Terás unha idea clara de como planificar o deseño dun sitio web orientado ás plataformas móbiles. Serás capaz de independizar os contidos do deseño e facer que este último se adapte aos principais dispositivos que existen no mercado; ademais falaremos das peculiaridades da web móbil fronte ao deseño web tradicional.

Estes son algúns dos temas a desenvolver ao longo da actividade:

- Deseño para plataformas móbiles. Entendendo por que é diferente e deseñando de xeito efectivo para os principais dispositivos; iPhone, Android e RIM Blackberry.
- Estado actual e convivencia de aproximacións.
- Elixindo unha estratexia para o deseño.
- Diferenzas entre as plataformas principais.
- Deseño web práctico seguindo os estándares.
- Creando o noso primeiro sitio web móbil.
- Estándares de construción e deseño orientados á web móbil.
- Deseñando para distintos dispositivos.
- Creación dun sitio web e publicación do mesmo.
- Elementos multimedia na web móbil.

Con quen aprenderás?

Con **Carlos García García**, que conta con máis de 12 anos de experiencia traballando para empresas nacionais e internacionais no ámbito do desenvolvemento de aplicacións web. Con amplo coñecemento en temas de accesibilidade ou usabilidade web.

É ademais membro da xunta directiva de EGANET, asociación de empresas galegas de novas tecnoloxías, e foi docente no Máster en Telemática da Universidade da Coruña.

A quen vai dirixida a actividade?

A todos aqueles interesados en crear ou facer versións de webs para móbiles.

- É preciso:
 - Ter coñecementos de desenvolvemento de web tradicional con HTML e estilos.
 - Comprender a diferenza entre contido e visualización e ter deseñado sen usar táboas.

Como aprenderás?

Aproveitaremos ao máximo as vantaxes das TIC e da TDT para a formación:

- Aprenderás grazas aos vídeos documentais para TDT que preparamos para ti.
- Asistirás a videoconferencias co experto na túa aula CeMIT.
- Accederás aos contidos on-line a través da nosa plataforma de teleformación (<http://www.cmg.xunta.es/aula/>).
- Poderás resolver as túas dúbidas a través de foros e do correo electrónico.
- Poderás aprender desde a casa estando en contacto cos participantes.

Quen che axudará?

- ⋮ Contarás coa axuda dun titor on-line para resolver calquera tipo de dúbida sobre a actividade e os seus contidos.
- ⋮ Poderás contactar co titor por teléfono, correo electrónico, a través da plataforma de teleformación, etc.
- ⋮ Disporás de clases presenciais co experto na materia para debater, lanzar preguntas, etc.
- ⋮ Ao finalizar a actividade recibirás o teu **diploma acreditativo**.

Infórmate e insíbete ata o 10 de outubro de 2011 en:

 <http://cemit.xunta.es>
formacion-cemit@xunta.es ou no **902 222 321**

